

EXPEDIENTE:	2022/00043542B
PROCEDEMENTO:	Aprobación das bases de subvencións (FP)

A Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, na sesión extraordinaria e urxente celebrada o 27 de decembro de 2022 adoptou o seguinte acordo:

Resolución de Concesión dos premios da I Edición Premios á Excelencia Empresarial Axenda Urbana 2030 do Concello de Santiago de Compostela

A proposta é do seguinte teor literal:

Informe proposta de resolución de concesión da I Edición Premios á Excelencia Empresarial Axenda Urbana 2030 do Concello de Santiago de Compostela.

ANTECEDENTES

A xunta de Goberno Local aprobou, na sesión do 11 de outubro de 2022, as bases reguladoras da “ I EDICION PREMIOS Á EXCELENCIA EMPRESARIAL AXENDA URBANA 2030 DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA cuxo extracto foi publicado no BOP da provincia da Coruña con data de 18 de outubro de 2022.

Segundo se establece na base 3ª convócanse os premios nas seguintes categorías:

- Boas prácticas en materia de conciliación.
- Boas prácticas en materia de economía circular.
- Boas prácticas en materia de innovación e ciencia aplicadas ao modelo de negocio.
- Boas prácticas en innovación en comercialización de produtos e servizos culturais.
- Boas prácticas aliñadas cos retos da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela e os ODS da Axenda 2030.
- Boas prácticas de empresas de economía social.

Segundo se establece na base 4ª, valorarase a boa práctica da empresa atendendo ós seguintes criterios:

- Criterios económicos: O impacto da boa práctica presentada no modelo de negocio da empresa. Valorarase a innovación na actividade, no deseño dos produtos, nos procesos produtivos; a internacionalización das operacións; o incremento porcentual das vendas nos tres últimos exercicios; a mellora na carteira de produtos e servizos.

- Criterios no ámbito social: A promoción do desenvolvemento individual e profesional do persoal da empresa a través de plans de formación, promoción e perfeccionamento profesional; A conciliación persoal, familiar, e laboral; Emprego feminino e igualdade; plans de estabilidade laboral.

- Criterios no medio ambiente: Implantación de sistemas de análise, xestión e avaliación medioambiental; establecemento de medidas de aforro de enerxía, reciclaxe e transporte alternativos para a redución de custes; implantación de protocolos para a redución dos residuos xerados; accións de comunicación e divulgación da política medioambiental da empresa.

- Grao de contribución da boa práctica presentada aos ODS marcados na Axenda 2030 e aos retos identificados no documento preliminar de diagnose da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela, dispoñible na web axendaurbana2030santiago.gal.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, recíbense un total 13 candidaturas.

Con data de 8 de novembro de 2022 dando cumprimento ao establecido na base 7ª das bases reguladoras da I EDICION PREMIOS Á EXCELENCIA EMPRESARIAL AXENDA URBANA 2030 DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA remítense ás empresas que non presentaron a documentación completa, requerimentos de subsanación.

A totalidade das persoas solicitantes presentaron a documentación requirida, polo que os seus expedientes resultaron completados en prazo.

Revisada a totalidade da documentación concluímos:

1. Que a totalidade das empresas cumpren cos requisitos establecidos na base 2ª para ser beneficiaria da subvención.
2. Que non figura ningún desestímulo de ningúnha persoa solicitante.
3. Que a totalidade das persoas solicitantes se atopa ao corrente coas obrigas tributarias estatais, autonómicas, municipais, e coa seguridade social.
4. Que en definitiva, en atención á comprobación realizada e ás manifestacións contidas nas declaracións responsables recollidas no formulario de solicitude que constan no expediente, as persoas que se relacionan, reúnen todos os requisitos para que a súa candidatura sexa valorada polo xurado dacordo co seu libre criterio segundo se establece na base 7ª.
5. Segundo se desprende da documentación que figura no expediente, as empresas propostas como beneficiarias cumpren cos requisitos establecidos na normativa reguladora de subvencións para poder resultar beneficiarias destas axudas.
6. Non ten sido ditada resolución declarativa da procedencia do reintegro da subvención ou da perda do dereito ao cobro da mesma por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións contra ningunha das empresas beneficiarias.

7. Non ten sido acordada polo órgano concedente da subvención, como medida cautelar, a retención dos libramentos de pago ou das cantidades pendentes de aboar ás empresas beneficiarias, referidos á mesma subvención

Incorpórase ao expediente con data de 29 de novembro de 2022 certificado expedido polo Vicesecretario do Concello de Santiago no se pon de manifesto que:

- 1) Realizouse a comprobación e cotexo documental nos termos establecidos nas bases da convocatoria de axudas..
- 2) Comprobase o establecido no artigo 88.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións, nestes termos:
 - Non se ditou resolución declarativa da procedencia do reintegro da subvención ou da perda do dereito ao seu cobro por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
 - O órgano concedente da subvención non acordou, como medida cautelar, a retención dos libramentos de pago ou das cantidades pendentes de aboar ao beneficiario, referidos á mesma subvención.
- 3) En atención á comprobación realizada, ao cotexo da documentación aportada e as manifestacións contidas nas declaracións responsables recollidas no formulario de solicitude que constan no expediente, na empresa solicitante, reúne todos os requisitos válidos para acceder á subvención.

CONSIDERACIÓNS

Normativa de aplicación:

1. Bases de execución do orzamento municipal.
2. Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
3. Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións.
4. Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
6. Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Tal e como se establece na base 8ª, con data de 24 de novembro de 2022 ás 9:30 horas a través de videoconferencia o xurado conta coa presenza de D. Xosé A. Sanchez Bugallo quen actúa de presidente do Xurado, D. Melchor Fernández Fernández en representación do Comité Técnico Asesor do Consello Económico e Social de Compostela, Dna. María Cadaval Sampedro en representación da dirección executiva da Axenda Urbana 2030, Dna Rosa Mary Cardeso Trillo en representación do Consello Económico e Social de Santiago, e Dna. Carme Casado Casado en representación do Departamento de Desenvolvemento Local do Concello de Santiago,

quen segundo o establecido no punto oitavo das bases da convocatoria actúa como secretaria da comisión.

Tralas deliberacións oportunas en base aos criterios que se establecen na base 4ª, o Xurado acorda por unanimidade conceder os seguintes premios:

- Premio Boas prácticas en materia de conciliación á empresa INFORHOUSE SL. O xurado acorda tamén nesta categoría outorgar unha mención como finalista á empresa DINAHOSTING S.L. destacando a alta calidade e méritos da candidatura presentada por esta empresa.
- Premio Boas prácticas en materia de economía circular á empresa COMUNIDADE CREATIVA SOC COOP GALEGA
- Premio Boas prácticas en materia de innovación e ciencia aplicadas ao modelo de negocio á empresa MESTRELAB RESEARCH,S.L.
- Premio Boas prácticas en innovación en comercialización de produtos e servizos culturais á empresa MATA GARCIA,GONZALO
- Premio Boas prácticas aliñadas cos retos da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela e os ODS da Axenda 2030 á empresa INFORMÁTICA Y NETWORKING COMPOSTELA, SLU
- Premio Boas prácticas de empresas de economía social circular á empresa COMUNIDADE CREATIVA SOC COOP GALEGA

Quedan desertas o resto de mencións, xa que tal e como se establece na base 8ª, os premios poderán ser declarados desertos e así resulta da deliberación do xurado.

Segundo se desprende da documentación que figura no expediente, as persoas propostas como beneficiarias cumpren cos requisitos establecidos na normativa reguladora de subvencións para poder resultar beneficiarias destas axudas.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse á Xunta de Goberno Local, que adopte os seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar a concesión, xustificación e pagamento dos premios ás candidaturas que se establecen a continuación:

- Premio Boas prácticas en materia de conciliación á empresa INFORHOUSE SL. B36112803 Importe: 6.000 euros.

Mención como finalista á empresa DINAHOSTING S.L. B15805419 Importe: 2.000 euros.

- Premio Boas prácticas en materia de economía circular á empresa COMUNIDADE CREATIVA SOC COOP GALEGA. F01631282 Importe: 6.000 euros.

- Premio Boas prácticas en materia de innovación e ciencia aplicadas ao modelo de negocio á empresa á empresa MESTRELAB RESEARCH,S.L. B15964521 Importe: 6.000 euros.

- Premio Boas prácticas en innovación en comercialización de produtos e servizos culturais á empresa MATA GARCIA,GONZALO. 44830194C Importe: 6.000 euros.

- Premio Boas prácticas aliñadas cos retos da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela e os ODS da Axenda 2030 á empresa INFORMÁTICA Y NETWORKING COMPOSTELA, SLU. B70130885 Importe: 6.000 euros.

- Premio Boas prácticas de empresas de economía social circular á empresa COMUNIDADE CREATIVA SOC COOP GALEGA. F01631282 Importe: 6.000 euros.

Quedan desertas o resto de mencións. Tal e como se establece na base 8ª, os premios poderán ser declarados desertos e así resulta da deliberación do xurado.

Segundo: Estas axudas, que suman un total de 38.000 euros, van con cargo con cargo á partida 010 43300 4790100 DESENVOLV EMPRESARIAL. PROG SANTIAGO INVESTOR.

A proposta foi fiscalizada pola intervención municipal con nº de referencia 2022/1555 e con resultado Fiscalización de conformidade.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar a concesión, xustificación e pagamento dos premios ás candidaturas que se establecen a continuación:

- Premio Boas prácticas en materia de conciliación á empresa INFORHOUSE SL. B36112803 Importe: 6.000 euros.

Mención como finalista á empresa DINAHOSTING S.L. B15805419 Importe: 2.000 euros.

- Premio Boas prácticas en materia de economía circular á empresa COMUNIDADE CREATIVA SOC COOP GALEGA. F01631282 Importe: 6.000 euros.

- Premio Boas prácticas en materia de innovación e ciencia aplicadas ao modelo de negocio á empresa á empresa MESTRELAB RESEARCH,S.L. B15964521 Importe: 6.000 euros.

- Premio Boas prácticas en innovación en comercialización de produtos e servizos culturais á empresa MATA GARCIA,GONZALO. 44830194C Importe: 6.000 euros.

- Premio Boas prácticas aliñadas cos retos da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela e os ODS da Axenda 2030 á empresa INFORMÁTICA Y NETWORKING COMPOSTELA, SLU. B70130885 Importe: 6.000 euros.

- Premio Boas prácticas de empresas de economía social circular á empresa COMUNIDADE CREATIVA SOC COOP GALEGA. F01631282 Importe: 6.000 euros.

Quedan desertas o resto de mencións. Tal e como se establece na base 8ª, os premios poderán ser declarados desertos e así resulta da deliberación do xurado.

Segundo: Estas axudas, que suman un total de 38.000 euros, van con cargo con cargo á partida 010 43300 4790100 DESENVOLV EMPRESARIAL. PROG SANTIAGO INVESTOR.